

Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL (OURENSE)



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con enderezo para notificacións en Rolda das Fontiñas, 180 entrechán B -27003 LUGO (Telf. 982 240 299), en relación cos Mapas de Perigosidade e risco de inundación –en diante **MPeRI**- correspondentes á Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil que actualmente se atopan en período de exposición pública, comparecemos para presentar as seguintes

ALEGACIÓNS:

1º.- Analizados os MPeRI no visor do Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables (<http://sig.magrama.es/snczi/>), constatamos que **só inclúen una pequena parte do río Rato, omitindo o tramo duns 3 kilómetros de lonxitude augas arriba do punto da canle cuxas coordenadas aproximadas no fuso 29 son: $x=617391/y=4764812$ no sistema ETRS-89 ($x=617516/y=4765026$ no sistema ED-50).**

A maior parte deste tramo foi obxecto dun levantamento topográfico e dun estudo hidrolóxico-hidráulico, promovido polas nosas asociacións, os cales foron entregados na sé desa Confederación o 25/01/2013. Volvémoslos a aportar xunto co presente escrito, en formato CD-rom.


Entendemos que a omisión do citado tramo resulta inxustificada, por canto:

a) Trala presentación do devandito estudo, a Confederación recoñeceu a existencia deste tramo (bifurcado en dous na cabeceira), o cal non aparece grafado – como moitos outros- na cartografía xeral utilizada pola Confederación (BCN25).

O trazado principal desta parte do río Rato incorporouse no expediente A/32/17139, relativo ao Plan Xeral de Ordenación municipal de Lugo.

Para unha mellor comprensión, na figura 1 identificamos o tramo omitido sobre a planimetría de dito expediente. Asimesmo, en anexo ao presente escrito xuntamos copia da mesma.

Figura 1. Representación parcial das follas 10 e 17 da cartografía na que se grafa o trazado principal do tramo omitido do río RATO.



b) como revela o estudo do río Rato ao fixemos mención, o tramo omitido presenta unha importante afección de inundabilidade (en canto a extensión e calados) e discorre próximo a varias áreas poboadas (barrio de A Garaballa de Arriba e núcleos rurais de Comaros-Torre), implicando un risco sinificativo para a poboación da súa contorna. Nas figuras 2 e 3 se amosa a extensión e calados da zona inundable para un período de retorno $T=500$ anos no contorno destas áreas.




Figura 2. Zona inundable y distribución de calados (período de retorno $T= 500$ años) en A Garaballa de Arriba (cruce con la vía del Ferrocarril)



Figura 3. Zona inundable y distribución de calados (período de retorno $T= 500$ años) en Cómáros-Torre (cruce coa rúa Fisterra)

Na páxina seguinte aportamos fotografías recentes de inundacións nestas e noutras zonas do tramo indicado.

c) A inundabilidade deste tramo fluvial ven tamén acreditada a través da súa “pegada xeolóxica”, materializada en forma de sedimentación fluvial, da que temos constancia documental.

Por exemplo, o “Proyecto de acondicionamiento y mejora del saneamiento en la cuenca de los ríos Rato, Chanca y Fervedoira” redactado por SAITEC en decembro de 1999 contén planos informativos nos que se representan as zonas de depósitos (“Suelo aluvial”) no dito tramo fluvial, resultado de distintas probas (sondeos, calicatas, penetracións dinámicas,...) realizadas en 1992 e 1999.

Na figura 4 ofrécese unha visión parcial da referida planimetría, sobre a que representamos a parte do río Rato omitida nos MPeRI. En cor rosada máis intensa pódense apreciar as bandas de “Suelo aluvial” seguindo a traza do río Rato.




Figura 4. Superposición do tramo omitido do río Rato sobre planos de información xeolóxica do “Proyecto de acondicionamiento y mejora del saneamiento en la cuenca de los ríos Rato, Chanca y Fervedoira”.

2º.- Entendemos que a ausencia do referido tramo do río Rato nos MPERI, como a doutros con risco sinificativo de inundación (ex: o tramo do río Neira próximo á Pobra de S. Xulián), derivase dunha avaliación preliminar de risco –en diante EPRI- deficiente, en especial nos seguintes aspectos:

a) Información sobre a situación e extensión da rede fluvial.- A EPRI toma como base a **cartografía 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional**, -en diante **BCN25**-, cartografía xeralista que ofrece unha **información manifestamente incompleta sobre a extensión real da rede hidrográfica**.

Esta eiva é ben coñecida pola Confederación e por calquera entidade ou persoa, pública ou privada, familiarizada co emprego desta cartografía e coa realización de traballos en campo. Un exemplo que a Confederación tivo ocasión de comprobar, a instancia das nosas asociacións, foi, precisamente, o do tramo medio alto do río Rato, tralo estudo que lle entregaron as nosas Asociacións en xaneiro de 2.013. Tamén é ben coñecido polas nosas asociacións o caso da rede hidrográfica de Lugo, sobre a que a que fixemos un estudo parcial, remitido á Confederación en decembro do pasado ano (presentado no rexistro da Subdelegación do Goberno de Lugo o 03.12.2013; nº de rexistro 29052/RG 3639512; Vólvemos a incorporar este traballo no CD-rom anexo ao presente escrito). Neste estudo parcial, identificamos o trazado duns 46 Km. de ríos, cuxa extensión non aparece en grande parte reflectida na BCN25.

Estas eivas da BCN25 pónense tamén de manifesto contrastando esta cartografía con outras que presentan un o moi superior grao de información hidrográfica, como:

- a cartografía xeral de España elaborada a mediados do século XX polo Instituto Xeográfico e Catastral e o Servizo Xeográfico do Exército (dispoñible na páx. web do Instituto Xeográfico Nacional), a escala 1:50000, cuxos fins estratéxicos (control exhaustivo do territorio para fins militares) conduciu ao grafado de todos os elementos relevantes, como son as canles fluviais.

- outras fontes cartográficas oficiais dispoñibles para territorios concretos. Por exemplo, a **cartografía do municipio de Lugo editada en 1988** (base do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado en 1990) representa unha lonxitude global duns **680 Km.** dentro do termo municipal ou configurando os seus límites, o que representa case dúas 2,5 veces a lonxitude reflectida na BCN25 (aprox. 275 Km.)

Malia ao contexto socioeconómico avanzado en que se inxire España (CEE), seguimos a carecer no noso país dunha cartografía específica da rede hidrográfica, tendo que recorrer a outras fontes, xeralistas e incompletas, sen coordinación entre sí e cuxa información ningún ente oficial se encarga de recompilar, integrar ou refundir. Dende logo, un país que non lle concede a suficiente importancia á recompilación de información territorial non pode abordar, coa mínima solvencia, a tarefa que require o cumprimento da Directiva 2007/60/CE, da que son froito os traballos obxecto das presentes alegacións.

Para a elaboración da EPRI non consta que se fixera o máis elemental labor de completamento da BCN25, nin sequera mediante a consulta doutras cartografías dispoñibles. Unha información tan incompleta como a utilizada na EPRI conduce, por forza, a graves deficiencias, como a desconsideración, como ARPSIs, de tramos fluviais que se deberan considerar como tales, pero cuxo risco nin sequera se avaliou de xeito preliminar porque non constaba a existencia dos mesmos.

b) Xeoloxía. Información sobre zonas afectadas pola acción das canles fluviais.- A EPRI baséase nunha información xeolóxica insuficiente, como é a recollida no Mapa Xeolóxico de España 1:50000 (MAGNA) ou no Mapa Xeolóxico Dixital Continuo de España (GEODE).

Como recoñecen os autores da EPRI e dos MPERI, a información das distintas follas do MAGNA é heteroxénea; en particular, non todas estas follas identifican/delimitan as zonas en que se concentran os efectos das canles fluviais, nomeadamente as zonas de depósitos aluviais. Como resultado desta eiva, non emendada no GEODE, prodúcese unha maior densidade de ARPSIs nos ámbitos daquelas follas do MAGNA que conteñen este tipo de información. Como exemplo, na Figura 5 podemos ver a heteroxeneidade das follas 72, 73, 97 e 98, as cales afectan ao municipio de Lugo.

Como aconteceu coa información sobre a rede fluvial, para a elaboración da EPRI non se esgotaron as fontes de información xeolóxica dispoñibles, moitas delas de carácter fragmentario, como os proxectos de obras públicas, como o comentado no punto 1º.c) das presentes alegacións.

Tense que chamar a atención sobre a transcendencia negativa que se deriva destas eivas, por canto, ante a falta de estudos hidrolóxicos-hidráulicos previos que confirmaran a perigosidade das inundacións na maioría das canles fluviais, grande parte dos tramos seleccionados na EPRI como ARPSIs o foron en función da constancia cartográfica da súa pegada xeolóxica (delimitación das zonas de depósitos aluviais).

c) Planificación incidente na rede fluvial e zonas inundables.- A EPRI só tivo en conta os usos “actuais” do solo –mellor dito a información sobre os usos do territorio correspondente ao ano 2010 contida no SIOSE. Bótase en falta calquera referencia ou información relativa ás planificacións aprobadas e en trámite -en materia de urbanismo/ordenación do territorio, creación de infraestruturas (estradas, ferrocarril,...), etc.- que afecten á rede fluvial e ao desaugue das súas bacías.

É obvio que os obxectivos xerais da Directiva 2007/60/CE –redución dos danos producidos polas inundacións- e os específicos dos Plans de xestión do risco de inundación –entre os que se fai fincapé no de prevención do risco-, reclamarían na EPRI unha especial consideración de todas aquelas actuacións, xa planificadas ou programadas, que incidan nas contornas fluviais e no risco de inundación, permitindo detectar aquelas previsións que, pola súa incompatibilidade cos ditos obxectivos, necesitan ser revisadas. Son moitos os exemplos que poderíamos poñer neste senso, como as propostas urbanísticas contidas no PXOM de Lugo nas marxes do tramo medio-alto do río Rato, xa denunciadas con anterioridade polas nosas Asociacións perante esa Confederación (documentación entregada ou remitida á Confederación en xaneiro e febreiro de 2.013), ou a da previsión de solo urbanizable para uso industrial en Láncara, situada en plena chaira inundable, con calados máximos no intervalo de 1-2 metros consonte aos mapas de perigosidade expostos ao público.

A desconsideración destas planificacións –na súa meirande parte tramitadas e informadas pola Confederación sen os necesarios estudos de inundabilidade-, así como das consecuencias negativas -agravamento dos efectos das inundacións- que leva ordinariamente aparelada a ocupación dos solos polos usos urbanísticos e infraestruturais, fai que a EPRI naza “mancada”, ao avaliar o risco só nas condicións de uso actual do territorio e non na situación futura, derivada da execución dos plans aprobados.

d) Tamén botamos en falta unha información máis completa sobre os elementos de valor cultural afectados, incorporándose na EPRI unha información moi escasa (aptdo. 3.1.3.5 da memoria e plano nº 6), relativa fundamentalmente a Bens de Interese Cultural (BICs) -non se consideran todos os existentes como é o caso da Igrexa de Meilán (en Lugo)- e a pouco máis de media ducia de “Bens inventariados” dos moitos centos de bens desta categoría existentes no ámbito da Demarcación Miño-Sil (Consonte á disposición adicional 2ª da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia en relación cos arts. 22.1, 24.2.c) da mesma norma legal, todos os bens recollidos nos catálogos dos instrumentos de planeamento que non merezan a consideración de BICs ou de ben catalogados consonte a dita Lei –que son a inmensa maioría deles-, reciben a consideración de “Bens inventariados”).

3º.- Con independencia do anterior, advertimos **que os mapas de perigosidade consultados no visor do Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables do MAGRAMA presentan unha deficiencia grave, xa que coinciden indebidamente a extensión das zonas inundables e distribución de calados para distintos períodos de retorno (10, 100 e 500 anos) en todos os tramos fluviais consultados.**

Como exemplo, na Figuras 6 e 7, na páxina seguinte, ilústrase a zona inundable e calados nun tramo do río Rato, correspondentes aos períodos de retorno de 10 e 500 anos, respectivamente, podendo comprobarse como resultan coincidentes.

Polo exposto, SOLICTAMOS:

Que se teñan en conta as presentes alegacións e que, conforme ao indicado nelas, se proceda a:

- ampliar o tramo do río Rato considerado como ARPSI, incluíndo o tramo alto referido no punto 1º do presente escrito, delimitando as zona inundables, de dominio público e de fluxo preferente.
- revisar a EPRI, emendando as deficiencias indicadas no punto 2º, completando a súa información e a identificación das ARPSIs.
- corrixir as deficiencias dos mapas de perigosidade indicadas no punto 3º.

Lugo, 16 de abril de 2.014




Figura 6. Zona inundable e calados dun tramo do río Rato correspondente ao período de retorno $T=10$ anos.




Figura 6. Zona inundable e calados dun tramo do río Rato correspondente ao período de retorno $T=500$ anos.